

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE AGOSTO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de agosto de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 31 de xullo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Rosario López Dabouza

ANTECEDENTES

1. Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con DNI núm. [REDACTED], na representación que ostenta no presente expediente de Dona ROSARIO LÓPEZ DABOUZA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Farán, parroquia de Arnego, solicita con

data 29 de setembro de 2025 (RE-E núm. 605) licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Farán, parroquia de Arnego.

2. Achégase proxecto técnico básico modificado redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data 19/01/26, e anexo de data 19/06/26.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de vinte e catro (24) meses.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “*solo de núcleo rural*” polo PXOM en vigor.
4. O proxecto define a rehabilitación integral dunha vivenda unifamiliar tradicional composta por tres volumes vinculados. Mantéñense o uso residencial, a tipoloxía e a volumetría existentes; consérvanse os muros de cachotería válidos e substitúense os elementos deteriorados de forxados e cubertas. A actuación inclúe asemade a redistribución interior, a nivelación das plantas, a mellora da envolvente térmica e a renovación das instalacións.
5. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria Primeira da LSG, na que se establece que ao Solo de Núcleo Rural e ás áreas de expansión dos municipios con planeamento aprobado

definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, aplicaráselles o disposto no planeamento respectivo, agás o que se refire as edificacións tradicionais existentes, ás cales será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG. Ao tratarse dunha edificación tradicional anterior a 1975, a rehabilitación ampárase no artigo 40 da LSG e no artigo 63 do RLSG, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos ordinarios, agás o límite de altura, sempre que se manteñan as características esenciais da edificación.

6. O inmovible a rehabilitar dispón da seguinte referencia catastral: 36047A137060220000LL.
7. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CENTO CINCUENTA E DOUS MIL ONCE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (152.011,07 €).
8. Consta asemade no expediente a seguinte autorización de carácter sectorial:
 - Autorización, con condicionantes, do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Pontevedra, de data 28/05/26 (expediente núm. [REDACTED]).
9. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
10. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
11. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona ROSARIO LÓPEZ DABOUZA licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Farán, parroquia de Arnego, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico modificado redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data 19/01/26, e anexo de data 19/06/26, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Condicións previas ao inicio das obras:
 - Deberá presentarse proxecto de execución completo, redactado por técnico competente e visado polo colexio profesional, acompañado dunha declaración expresa do seu autor de concordancia co proxecto básico autorizado. Non poderán iniciarse as obras ata que os servizos técnicos municipais comprobén a súa conformidade.
 - O proxecto de execución desenvolverá integralmente o CTE, as normas de habitabilidade e a restante normativa técnica; incorporará os cálculos e a definicións estruturais proceda; a xustificación EI 120 e o detalle REI 60; e a definición completa do peche e dos acabados exteriores conforme á resolución de Patrimonio Cultural.
 - Definirase gráfica e construtivamente o depósito estanco, coa súa localización e cotas, modelo e ficha técnica, aptitude para instalación soterrada, apoio e ancoraxe, estanquidade, ventilación, control de nivel e acceso para mantemento e baleirado.

- A persoa promotora achegará compromiso expreso e asinado de conexión á futura rede pública de saneamento e de clausura ou retirada do depósito.
 - Antes de executar o novo peche solicitarase aos servizos técnicos municipais a comprobación do replanteo da aliñación oficial sobre o terreo.
 - Calquera modificación do proxecto autorizado deberá comunicarse previamente ao Concello e, cando sexa substancial ou afecte ás condicións patrimoniais, tramitarase a correspondente modificación do título habilitante e da autorización sectorial.
- d) Rematadas as obras e antes da ocupación da vivenda, deberá solicitarse a correspondente licenza de primeira ocupación, acompañada da documentación esixida pola normativa aplicable. Ademais deberá achegarse:

- Certificado da dirección facultativa acreditativo da correcta instalación, capacidade, estanquidade e funcionamento do depósito, acompañado do contrato vixente cunha empresa ou xestor autorizado para a retirada periódica das augas residuais e da identificación do destino final autorizado.
- Documentación acreditativa de ter promovido e, de ser o caso, concluído a regularización da descrición gráfica e superficial da parcela no Catastro Inmobiliario, conforme ao levantamento topográfico autorizado, sen prexuízo da regularización rexistral que proceda.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de TRES MIL CORENTA EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (3.040,22 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de SETECENTOS SESENTA EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (760,05 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

— Explotaciones Porcinas Achacán S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade,

presentada con data 30 de maio de 2025 (RE-E núm. 364), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	EXPLOTACIONES PORCINAS ACHACÁN S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE ACHACÁN, PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DE PESCOSE
REPRESENTANTE	MÓNICA GONZÁLEZ VARELA
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DE BOLSA DE XURRO EN EXPLOTACIÓN DE PORCINO
LUGAR	ACHACÁN
PARROQUIA	SANTA MARIÑA DE PESCOSE
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A049002850000PI
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria valorada asinada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Isabel Arza Río, en data 30/05/25, e anexos de datas 02/03/26 e 10/04/26)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	10.000,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 28/07/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE PORCINO
TITULAR DA ACTIVIDADE	SOUTO REY S.L.
CIF	██████████
NÚM. INSCRICIÓN REGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, de data 21/07/26, pola que se modifica a autorización ambiental integrada núm. ██████████)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS EUROS (200,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- ORGANIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE DE “ACAMPADA XUVENIL”

A Concellería-Delegada de Xuventude e Deportes do Concello vai programar por segundo ano unha actividade consistente nunha acampada no monte de Suíme, que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto. O obxectivo desta actividade é que a mocidade goce do contacto coa natureza e desconecte de todo o que os distrae durante unha fin de semana. Trátase dunha alternativa de lecer ao aire libre que pretende darlle oportunidades aos mozos para que cooperen entre eles e estreite os lazos de unidade contacto coa natureza xerando unha actividade saudable con diferentes actividades deportivas e ambientais.

Como novidade, esta edición farase coincidir co eclipse total de sol, un acontecemento astronómico excepcional que converterá a acampada nunha experiencia única e inesquecible. Os participantes poderán vivir este fenómeno nun contorno natural, completando a programación habitual da actividade divulgativa, e de observación adaptada para que poidan gozar dese momento histórico con total seguridade.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as nados/as entre os anos 2010 e 2017, ambos incluídos.
- ✓ O número de prazas ofertadas é de 20.
- ✓ Fíxase un prezo de 35 € por inscrito/a, que incluírá almorzo, comida, merenda e cea, aluguer de tendas, autobús, actividades e outros materiais. Non inclúe o saco de durmir. Cando se inscriban varios/as irmáns/ás de xeito simultáneo, o/a segundo/a irmán/á e sucesivos terán un desconto dun 50%.
- ✓ As inscricións deberán presentarse no Rexistro municipal ou a través da sede electrónica do Concello, ata as 12:00 horas do día 10 de agosto, ou ata que se ocupen todas as prazas.

5.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DO LUGAR DE RAÑESTRAS, PARROQUIA DE ÁLCEME

VISTO o escrito presentado por Don RUBÉN FERNÁNDEZ DEZA, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Campo de Rañestras, parroquia de

Álceme (RE núm. 1192, do 03/08/26), polo que, na representación da Comisión de festas do lugar de Rañeiras, parroquia de Álceme, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 31 de xullo e 1 de agosto do corrente, na honra de San Ignacio. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 25,85 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 26A/1114 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO 1.000,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/factura núm. E/0015 (FACe).
- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 6.200,00 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2026*” no mes de xullo de 2026, s/factura núm. ROD/002 (FACe).
- DIEGO VILLAMAYOR ALVARELLOS 2.105,40 €
Por traballos de reparación de desbrozadora, s/factura núm. 202624.
- TALLERES RIAL S.L. 36,98 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. T26 1138.
- TQ TECNOL S.A.U. 999,46 €
Por subministro de sinais e elementos de control de tráfico, s/factura núm. FV2608580 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 551,17 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20263011 e 20263095 (FACe).
 - COSAPLAG S.L.U. 71,66 €
Por analíticas de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20263113 (FACe).
 - CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA 1.515,00 €
Por representación do espectáculo “*Enredada*” de Leti da Taberna, dentro da programación de Cultura no Camiño 2026, s/factura núm. 3672026 (FACe).
 - JUAN CARLOS BLANCO GONZÁLEZ 1.040,60 €
Por publicidade, dorsais e obsequios para os participantes na actividade “*Ruta Cambota – Offroad Track GPS*”, s/factura núm. A/111.
 - DIOSELINA QUIROGA ROZO 253,60 €
Por almorzos servidos aos participantes na actividade “*Ruta Cambota – Offroad Track GPS*”, s/factura núm. 2026/1.
 - HORMIGONES DEZA S.L.U. 995,30 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 3/2600268 (FACe).
 - SANTABALLA PALAS S.L. 3.950,00 €
Por adquisición de remolque, s/factura núm. 946 – Subvención Fondo de Compensación Ambiental 2026.
- Obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”
- AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL S.L.U. 2.198,44 €
Por prestación de servizos de vixilancia da saúde, s/factura núm. FT0181462.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde en funcións,
(sinatura dixital)